



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

##### Anuncio

**EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 24 DE ABRIL DE 2026, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PRESERVACIÓN DAS RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS (BOVINAS, OVINAS E CAPRINAS) EN RISCO DE EROSIÓN XENÉTICA, NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, PROGRAMA “MORENAS”, ANUALIDADE 2026**

#### Primeiro.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.

#### Segundo.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade, no enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, programa “morenas”, anualidade 2026, que se poden consultar na *web* da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

#### Terceiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Que contén con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frireisa, Limiá e Vianesa, nadas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).
- Que contén con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nados na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

#### **Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas**

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, para as razas bovinas, e de 70 € por animal elixible, para as razas ovina e caprina; sendo o importe máximo das axudas por beneficiaria de 8.000 €.

No suposto de que unha solicitude inclúa animais de máis dunha especie (bovina, ovina e/ou caprina) o dito importe máximo calcularase tendo en conta, en primeiro lugar, os animais da especie bovina incluídos na solicitude. É dicir, se a axuda correspondente aos animais da especie bovina alcanzara o devandito importe de 8.000 €, non se concederá subvención para o/s animal/animais da/s especie/s ovina e/ou caprina. De xeito contrario, cando o importe da axuda correspondente aos animais da especie bovina non alcance os 8.000 €, consideraranse subvencionables, en primeiro lugar, os animais da especie ovina e, en último lugar, os da caprina.

O importe da subvención é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actuación subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións non serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

#### **Quinto.- Presentación de solicitudes**

As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal) > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

**Sexto.- Situación subvencionable**

A situación subvencionable será ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, femias das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldela, Frieira, Limiá e Vianesa, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).

Do mesmo xeito, tamén será subvencionable ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, machos e/ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e Cabra Galega, inscritas no correspondente Libro Xenealóxico da raza correspondente.

**Sétimo.- Período subvencionable**

Para que os animais poidan ser considerados elixibles, os seus nacementos (tanto das razas bovinas como das ovinas e caprinas) deberon producirse durante o ano 2025, tal e como se establece na Base 4.

**Oitavo.- Xustificación das subvencións**

En aplicación do disposto nos artigos 30.7 da LXS, 28.9 da LSG e 30.4 da OXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

Polo tanto, a xustificación das subvencións só requirirá a acreditación da situación subvencionada a través dos documentos aos que se refire a Base 7.

**Noveno.- Pago da subvención**

Tras a resolución de concesión, emitida pola Xunta de Goberno segundo o establecido na Base 10, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitirase un informe no que se faga constar que a documentación á que se refire a Base 7, presentada polas beneficiarias, acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4.

O dito informe acompañarase dunha proposta de pago das subvencións e dos documentos aos que se refiren as letras a), f), h), i) e j) da Base 7, para que, previa fiscalización, se aprobe a dita proposta pola Presidencia.

Así mesmo, no suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, o centro xestor deberá xuntar, á documentación sinalada no parágrafo anterior, os certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social, cando conste autorización á Deputación para solicitalos.

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria e tralo cumprimento dos trámites descritos, non procedendo o pago das subvencións mediante pagos a conta ou anticipos.

Lugo, 15 de maio de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de 14/01/2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1261

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

**2026/CON\_02/000041.- GUITIRIZ.- Rehabilitación de firme LU-P-2207 “A Raiola (LU-P-6513) – Ponte Corbal – Buriz (LU-170)” p.k. 7+118 a 11+472**

**2026/CON\_02/000042.- CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1112 “Muimenta (LU-P-4401) – Pacios (LU-P-1106)”, p.k. 0+000 a 3+981**

**2026/CON\_02/000043.- VIVEIRO.- Rehabilitación de firme lu-p-6612 “LU-862 – Cofradía de pescadores Celeiro”, p.k. 0+000 a 0+460**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

---

Lugo, 15 de maio de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1262

---

## CONCELLOS

### BEGONTE

#### *Anuncio*

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de abril de 2026 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.716,89 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 911,65 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 8 de maio de 2026.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1251

---

## GUNTÍN

#### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao segundo bimestre do ano 2021.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 14 de maio de 2026 ata o 13 de xullo de 2026. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 13 de maio de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 1252

---

## LUGO

### Anuncio

Por Decreto do Tenente de Alcalde da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude do día 4 de maio de 2026, aprobouse o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E BEBIDAS NO ARDE LUCUS 2026 PRORROGABLES PARA O ANO 2027. EXP. REF. 2026-C013-000002.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### 2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** seis postos de elaboración de comidas e un posto de bebidas durante as festas de Arde Lucus 2026, prorrogables para o ano 2027, que se identifican coloreados nos planos anexos a estas Bases (rúa Lois Peña Novo e rúa Antón Fraguas, así como xunto ao Pavillón de Deportes).

b) **Prazo de duración:** Durante as festas do Arde Lucus 2026, prorrogable para o ano 2027.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria.

b) **Procedemento:** aberto.

4.- **Tipo de licitación:** Os/as beneficiarios/as da autorización estará obrigados a satisfacer, **por unha banda unha taxa** prevista na Ordenanza fiscal 152 “taxa por aproveitamento da vía pública” (Epígrafe E, apartado A) Postos, barracas, espectáculos ou atraccións: por m2 ou fracción de terreo ocupado por día, **0,88 euros** e **por outra, un canon** como contraprestación ó beneficio obtido polos adxudicatarios dos postos que é ademais un criterio de adxudicación da presente licitación.

#### Taxas:

##### POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:

Parcela 5 (5X2): 39,60€

Parcela 8 (3X2): 23,76€

Parcela 10 (6X3) : 63,36€

Parcela 11 (4X2): 31,68€

Parcela 12 (4X2): 31,68€

Parcela 13 (3X2): 23,76€

##### POSTO DE BEBIDAS (aparcamento do Pavillón Municipal)

Parcela 14 (4x3): 42,24 €

Os **prezos de saída do canon** serán fixados polo Concello, sendo os deste ano os seguintes:

##### POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:

Parcela 5 (5X2): segundo plano da Rúa Lois Peña Novo): 304,75€

Parcela 8 (3X2): (segundo plano da Rúa Lois Peña Novo): 182,85€

Parcela 10 ( 6X3): (segundo plano rúa Antón Fraguas): 295,80€

Parcela 11 (4X2): (segundo plano rúa Antón Fraguas): 197,20€

Parcela 12 (4X2): (segundo plano rúa Antón Fraguas): 197,20€

Parcela 13 (3X2): (segundo plano rúa Antón Fraguas): 147,20€

##### POSTO DE BEBIDAS (aparcamento do Pavillón Municipal)

Parcela 14 (4X3): (aparcamento pavillón municipal) 243,80€

#### 5.- Garantías:

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** Non se esixe.

**6.- Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) **Dirección internet:**

([https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda\\_licitacion\\_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D).)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos dos contratistas.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE días hábiles**, contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula oitava das bases administrativas.

c) **Lugar de presentación:**

**1ª Entidade** Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica do Concello de Lugo (LECOL) que está a disposición dos licitadores na seguinte dirección: [https://lecol.lugo.gal/SLE\\_Internet](https://lecol.lugo.gal/SLE_Internet)

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta).

c) **Localidade:** Lugo.

d) **Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación ás 13:00 horas agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 4 de maio de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 1253

---

*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 29 de abril de 2026, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA ANEXA Á PISCINA MUNICIPAL CUBERTA “AS PEDREIRAS”**. EXP. REF. 2025/C012/000006.

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** Regular a concesión para a explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta “As Pedreiras” sita na rúa Filarmónica Lucense s/n desta cidade.

b) **Prazo de duración:** A duración da concesión será de **QUINCE ANOS** contados a partir da Acta de Inicio da concesión, podendo o concesionario, unha vez transcurridos vinte e catro meses de actividade renunciar unilateralmente á concesión cun preaviso de seis meses, con reversión ao Concello do investimento realizado e sen indemnización ao concesionario.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

- a) **Tramitación:** ordinaria.  
b) **Procedemento:** aberto.

4.- **Tipo de licitación:** O canon a pagar polo concesionario establécese nun mínimo de 900 euros mensuais (10.800 euros anuais), resultando finalmente o canon ofertado á alza pola concesionaria na súa proposta económica.

**5.- Garantías:**

- a) **Provisional:** Non se esixe.  
b) **Definitiva:** O licitador que presente a oferta máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 3% do orzamento das obras a executar, que ascende á cantidade de 1.140 euros.

**6.- Obtención de documentación e información.**

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.  
b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.  
c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002  
d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44  
e) **Dirección internet:**

([https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda\\_licitacion\\_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D).)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos dos contratistas.**

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases reguladoras

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de QUINCE días hábiles, contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula vixésimo terceira das bases.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade** Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica do Concello de Lugo (LECOL) que está a disposición dos licitadores na seguinte dirección: [https://lecol.lugo.gal/SLE\\_Internet](https://lecol.lugo.gal/SLE_Internet)

**9.- Apertura das ofertas.**

- a) **Entidade:** Concello de Lugo.  
b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta).  
c) **Localidade:** Lugo.

d) **Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó segundo día hábil posterior ó remate do prazo de presentación ás 9:00 horas agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases reguladoras.

Lugo, 4 de maio de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 1254

OUROL

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e

51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Oourol en data 8 de maio de 2026 adoptou o Decreto 2026-0091 onde se RESOLVE:

“**Primeiro.**- Delegar na Concelleira dona MARÍA REGINA PEÑA MARTÍNEZ a celebración do MATRIMONIO CIVIL entre don ANTONIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ con NIF núm. \*\*\*3579\*\* e dona PAULINA ESCAMILLA NAVARRO con NIE núm. \*\*\*3439\*\*, a celebrar o sábado 16 de maio de 2026 ás 13:30 horas no Salón de Sesións do Concello de Oourol.

**Segundo.**- Comunicar ás persoas interesadas e publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

**Terceiro.**- Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais”.

Oourol, 8 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1255

## O PÁRAMO

### Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 15 de maio de 2026 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, vinculado ao convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello do Páramo, para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025-2026:

- 1 tractorista (4 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

O Páramo, 15 de maio de 2026.- O alcalde, P.D. o primeiro Tte. alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1263

## PASTORIZA

### Anuncio

Listaxe de aspirantes que superaron o proceso para a provisión en propiedade da praza vacante de conserxe de colexio como persoal laboral fixo a tempo parcial.

De conformidade co disposto na base undécima das bases reguladoras do proceso de selección, faise pública a parte dispositiva do Decreto da Alcaldía núm. 2026-0215 de data 11/05/2026, que se transcribe literalmente

“**PRIMEIRO.**- Aprobar a proposta de contratación como persoal laboral fixo a tempo parcial, do aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo indicado:

APELIDOS E NOME	DNI
IGLESIAS GRANDÍO, IVÁN	***4733**

**SEGUNDO.**- Requirir ao aspirante proposto para a contratación que achegue, dentro do prazo de vinte (20) días naturais contados a partir da publicación da listaxe de aprobados no Boletín Oficial da Provincia, os documentos esixidos na base undécima.

**TERCEIRO.**- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica para os efectos oportunos.”

Pastoriza, 13 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1256

## POL

## Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de transferencia de créditos nº 2/2026 entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto e que non afectan a créditos de persoal, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

## Baixas en aplicacións de gastos

Progr.	Econó.	Descrición	Créditos definitivos	Modificación de crédito	Créditos finais
161	22100	Energía eléctrica	143.897,03 €	-25.333,54 €	118.534,49 €

## Altas en aplicacións de gastos

Progr.	Econó.	Descrición	Créditos definitivos	Modificación de crédito	Créditos finais
337	61900	Outras inversións de reposición en infraes. e bens destinados ao uso xeral	0,00 €	25.333,54 €	25.333,54 €

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, as persoas interesadas poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, Reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo do antedito, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Pol, 14 de maio de 2026. - O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1257

## SOBER

## Anuncio

Téndose aprobado por Resolución da Alcaldía n.º 2026-0251 de data 12/05/2026, aprobáronse as bases para cubrir a praza de auxiliar administrativo vacante neste Concello, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello: <http://concellodesober.sedelectronica.gal>

Así mesmo, anéxanse as bases reguladoras das probas selectivas:

**BASES PARA A COBERTURA INTERINA DE UN (1) POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE SOBER E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA OS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO EBEP.**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha Bolsa de Emprego no Concello de Sober, para a cobertura con carácter interino dun posto de Auxiliar Administrativo/a, así como a creación de bolsa de emprego por vacante, substitución e calquera outro dos supostos previstos no art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a saber:

a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4.

As características dos postos obxecto desta bolsa son:

DENOMINACIÓN	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
ESCALA	ADMINISTRACIÓN XERAL
SUBESCALA	AUXILIAR
GRUPO	C
SUBGRUPO	C2

<b>RETRIBUCIÓN</b>	24.243,41 € en cómputo anual de 14 pagas (12 ordinarias e 2 extraordinarias en Xuño e Decembro)
<b>XORNADA</b>	37,5H semanas, fixando como días de descanso sábado e domingo
<b>Nº DE VACANTES</b>	1

Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos dende a data da súa aprobación.

#### **SEGUNDA.- FUNCIONES**

As funcións para desempeñar serán especialmente as seguintes:

- Atención directa aos/ás cidadáns/ás ou usuarios/as que se acudan ás oficinas municipais en busca de axuda para presentar as súas solicitudes aos distintos procedementos administrativos, encargándose de recibilos e contestar as dúbidas que poidan ter. A atención abrangue aos mostradores, o teléfono e o correo electrónico.
- Realizar tarefas relacionadas coa xestión contable básica (asentos contables das distintas fases de gastos e dos ingresos), seguindo as instrucións marcadas por superiores do corpo administrativo na corporación.
- Dominio dos principais paquetes de ofimática (Microsoft Office con Excel e Word e LibreOffice con Writer e Calc habitualmente).
- Calquera outra función propia dun/dunha auxiliar administrativo/a.

#### **TERCEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

Esta convocatoria rexerese polo disposto:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real Decreto legislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **CUARTO.- FINANCIAMENTO**

O financiamento das retribucións corresponde ao cento por cento ao Concello de Sober

A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de Sober.

#### **QUINTO.- PUBLICIDADE**

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na súa sede electrónica. O anuncio da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **SEXTO.- REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OS/AS ASPIRANTES**

Para tomar parte nas probas selectivas desta convocatoria esixírase o cumprimento de todos e cada un dos seguintes requisitos, referidos ao día en que conclúa o prazo de presentación de instancias:

- a) Posuír a nacionalidade española ou dalgúns dos Estados membro da Unión Europea, de conformidade co disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No seu caso, a equivalencia deberá ser achegada polo/a aspirante mediante certificación expedida para o efecto pola Administración competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- e) Galego: Acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación, como mínimo, do certificado do CELGA 3. No caso de non posuír ningunha titulación que acredite o coñecemento do galego, realizarase un exercicio previo de tradución que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, no tempo que sinale o tribunal e que será como máximo dunha hora. Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para supéralo obter o resultado de APTO, e corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado.
- f) Non ser separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin revogarse o seu nomeamento como funcionario/a interino/a, nin acharse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de calquera funcións públicas ou daquelas propias da Escala, Subescala ou Clase obxecto da presente convocatoria.

Tratándose de persoas nacionais doutros Estados, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida o acceso ao emprego público no seu país de orixe.

#### **SÉTIMO.- IGUALDADE DE CONDICIÓN**

De acordo co establecido no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, en concordancia co previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nas presentes probas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

Os/as aspirantes discapacitados deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia ou da Administración do Estado, que acrediten tal condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

O tribunal establecerá, para as persoas con discapacidade que así o soliciten, as adaptacións posibles, de tempo e medios, para a realización de proba. Para ese efecto as persoas interesadas deberán presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria.

#### **OITAVO.- INSTANCIAS E ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES**

8.1.- As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases, para a praza de auxiliar administrativo do Concello de Sober dirixiranse á Alcaldía e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia ( DOG)

8.2.- Documentación a presentar:

As persoas que desexen participar neste proceso selectivo, deberán achegar, no prazo previsto no apartado 8.1 das presentes Bases, a seguinte documentación:

- Solicitude de participación (Anexo I).
- Copia auténtica do D.N.I. pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade do aspirante ou documento.

- No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma Galego, as persoas interesadas deberán achegar o orixinal ou copia auténtica do documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obter antes do remate do presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento CELGA 3, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.
- Orixinal ou Copia Auténtica da titulación esixida nos requisitos que deben de reunir os aspirantes, do apartado 6.d) das presentes Bases.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da bolsa provisional de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na súa sede electrónica.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun PRAZO DE TRES (3) días naturais, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas coa publicación da bolsa definitiva no taboleiro de anuncios e na súa sede electrónica. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir), a bolsa publicada terá carácter definitivo. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a bolsa provisional na mesma Resolución de Aprobación.

Contra a resolución aprobatoria da bolsa definitiva poderán os interesados interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a pedimento do/a interesado/a.

#### **NOVENO.- SISTEMA DE SELECCIÓN: OPOSICIÓN**

A fase de oposición consistirá na realización de 2 probas de aptitude obrigatorias e eliminatorias.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezcan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

#### **DÉCIMO.- DOS DEMAIS TRÁMITES PREVIOS Á CELEBRACIÓN DAS PROBAS E DO TRIBUNAL CUALIFICADOR**

10.1.- A composición do tribunal axustarase ao establecido nos artigos 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, e 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia -LEPG-. Constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, tendendo á paridade entre homes e mulleres. Terá a consideración de órgano colexiado e, como tal, estará suxeito ás normas contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRXSP-.

10.2.- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución no prazo de DEZ (10) días hábiles coa bolsa provisional de persoas admitidas, e publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas na sede electrónica deste Concello, dispoñendo dun prazo de TRES (3) días hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a exclusión. A resolución anunciarase no taboleiro de anuncios. Nesta mesma resolución, fixarase a composición do tribunal cualificador a efectos de poder promover a recusación dos seus membros

10.3.- O tribunal poderá nomear colaboradores, especialistas e axudantes, que estarán sempre baixo a súa dirección e control directo, para aquelas probas que o requiran, limitándose ao exercicio das súas especialidades técnicas en base ás cales colaborarán co tribunal con voz, pero sen voto. Os asesores estarán sometidos ás mesmas causas de abstención e recusación que os membros do tribunal.

10.4.- O tribunal estará composto pola Presidencia, a Secretaría e tres Vogalías, actuando todos eles con voz e voto. Todos os seus membros deberán estar en posesión dunha titulación igual ou superior á esixida aos/as aspirantes e pertencer ao mesmo grupo de titulación ou superiores.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios que impartisen cursos ou traballos para a preparación de aspirantes a probas selectivas nos dous anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

A Presidencia poderá requirir aos membros do tribunal unha declaración expresa de non atoparse sometidos a ningunha das causas de abstención legalmente previstas. Igualmente, quen incorrese en causa de abstención deberán comunicalo á Alcaldía no prazo máximo de 10 días.

10.5.- O tribunal non poderá constituírse sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros titulares ou suplentes indistintamente.

**DÉCIMO PRIMEIRO.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO**

FASE DE OPOSICIÓN: PUNTUACIÓN MÁXIMA 100 PUNTOS.

Exercicios da oposición: estará composta de dous exercicios obrigatorios e non eliminatorios para todos/as os/as aspirantes.

- **PRIMEIRO EXERCICIO:** Consistirá na contestación de 30 preguntas tipo test, máis 6 de reserva, con 4 posibles respostas, relacionadas coas materias do Anexo II. A proba terá una duración de 50 minutos. O cuestionario conterá varias preguntas de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán pola súa orde ás preguntas que, no seu caso, puideren ser obxecto de anulación. Ditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fose obxecto de anulación. As preguntas correctas puntuarán 2 puntos, as preguntas en branco non descontarán e as preguntas erróneas descontarán 0,75 puntos.

A puntuación obtida no primeiro exercicio tipo test virá dada pola seguinte fórmula:  $\text{nota total} = (\text{n}^\circ \text{ acertos} * 2) - (\text{n}^\circ \text{ erros} * 0,75)$ . Se o resultado é negativo a puntuación será 0,00 puntos. A puntuación máxima será 60 puntos.

- **SEGUNDO EXERCICIO:** Consistirá en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador e como máximo 120 minutos, un ou varios exercicios prácticos propostos por este, relacionados coas funcións da praza que se convoca de acordo co temario que figura no anexo II e que poña de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos/as aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio. Puntuarase de 0 a 40 puntos.

- **TERCEIRO EXERCICIO, NO SEU CASO, SOBRE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO:** Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que a terse ó disposto na letra e) da base sexta.

Consistirá na tradución directa ao idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda de dicionario, durante un período máximo de 60 minutos. Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO.

A cualificación da fase de oposición virá determinada pola suma das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios desta fase. No caso de que a puntuación dalgún exercicio dependa dun xuízo de valor e non de fórmulas matemáticas, a cualificación obterase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos/as membros do tribunal, non tendo en conta a maior nin a menor das puntuacións.

A corrección e cualificación dos exercicios escritos, sempre que sexa posible, farase de forma anónima, utilizándose para eles sistemas que garantan a obxectividade das puntuacións outorgadas e o anonimato dos/as aspirantes.

Cando se utilicen sistemas informáticos de corrección, daranse as instrucións precisas aos/as aspirantes para a correcta realización da proba. Estas instrucións achegaranse ao expediente do proceso selectivo.

Unha vez rematado cada un dos exercicios anteriormente mencionados, o tribunal fará público no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na súa sede electrónica, a puntuación provisional obtida en cada exercicio. Contra a cualificación obtida poderán presentarse alegacións no PRAZO DE TRES (3) DÍAS NATURAIS, contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Transcorrido o prazo sen reclamacións a puntuación entenderase elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na súa sede electrónica.

**DÉCIMO SEGUNDO.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA E RELACIÓN DE APROBADOS**

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas nas dúas probas da fase de oposición. No seu caso, utilizaranse como criterios para dirimir os empates, por esta orde, a maior puntuación obtida no primeiro exercicio da Fase de Oposición e a maior puntuación obtida no segundo exercicio da Fase de Oposición. No caso de persistir o empate na puntuación final, a orde establecerase por orde alfabética de apelidos e nome, dando comezo pola letra que resulte do sorteo anual polo que se determina a orde de actuación dos/as aspirantes en todas as probas selectivas que se celebren durante o ano no ámbito da Administración Xeral do Estado, e que se publicará no Boletín Oficial do Estado ou no seu defecto por sorteo de letra celebrado ao efecto polo tribunal de selección.

A cualificación definitiva será exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na súa sede electrónica.

**DÉCIMO TERCEIRO.- FORMACIÓN DA BOLSA**

O tribunal elevará á Alcaldía a relación de aspirantes por orde de puntuación. Por Resolución de Alcaldía, aprobarase a Bolsa de persoas interesadas en traballar como Auxiliar Administrativo, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na súa sede electrónica.

**DÉCIMO CUARTO.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA**

1. A constitución da bolsa non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo o do seu chamamento para o seu nomeamento, pola orde establecida, cando se de algunha das circunstancias establecidas na base primeira. A bolsa será pública e estará ao dispor dos interesados/as para a súa consulta.

2. O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación, de acordo co seguinte procedemento:

- Utilizarase o número de teléfono reflexado na instancia para o chamamento. Se non se recibe contestación esperarase un día para repetir as chamadas e, se non se recibe contestación, chamarase á seguinte persoa da bolsa, e así sucesivamente, ata que se consiga contactar con algún integrante da bolsa.

- O/a aspirante deberá aceptar ou rexeitar a oferta dentro do seguinte día antes das 13:00 horas. Se non contesta, rexeita a oferta ou renuncia ao traballo despois de ser nomeado perderá a súa posición na bolsa, pasando ao último lugar. Se acepta a oferta, deberá achegar, no prazo máximo de tres días hábiles desde a aceptación, a seguinte documentación:

- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas. Os nacionais doutros estados deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a mesma.
- Certificado médico oficial no que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría.
- Copia da Tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de Número de Conta Bancaria.

- As persoas integrantes da bolsa de emprego poderán atoparse en algunha das seguintes situacións:

- a) Dispoñible.
- b) Baixa Temporal.
- c) Baixa Definitiva (Exclusión).

- Todos os aspirantes integrantes da bolsa estarán en situación de “Dispoñible” no momento de formación da bolsa.

- Se no prazo concedido non se presenta a documentación para o nomeamento, salvo caso de forza maior, ou se o resultado do recoñecemento médico fose «non apto», non poderá efectuarse o nomeamento, procedendo a chamar á seguinte persoa da bolsa. O dito aspirante pasará a ocupar o último lugar da bolsa.

- Cando se produza o cesamento por rematar a necesidade que deu orixe ao nomeamento, o/a aspirante manterá o lugar que ocupaba na bolsa, podendo ser contratado posteriormente nunha ou máis ocasións, pasando a situación de “Dispoñible”.

- En caso de que o/a aspirante fose nomeado, poderá ser obxecto de novo chamamento en tanto esté prestando os seus servizos no concello no caso de que o dito chamamento se faga para un posto mellor dotado economicamente.

3. As persoas que rexeiten a oferta de nomeamento non perderán a súa posición na bolsa cando o motivo do rexeitamento sexa algunha dos seguintes, e o/a aspirante acrediteo debidamente por escrito no prazo máximo de tres días hábiles desde o chamamento:

- a) Baixa por maternidade ou paternidade.
- b) Baixa por enfermidade ou accidente.
- c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- d) Estar a traballar en calquera organismo público ou empresa privada.
- e) Cumprimento dun deber inescusable de carácter público e temporal.
- f) Coidado de fillo menor de tres anos ou de familiar ata o segundo grao que non poida valerse en por si e non desempeñe actividade retribuída.

Acreditadas documentalmente estas circunstancias os aspirantes figurarán na bolsa na situación de “Baixa Temporal”.

Na situación de Baixa temporal os integrantes non serán chamados, para cambiar a súa situación á de “Dispoñible”, deberán comunicar por escrito o cesamento da situación que deu lugar a súa Baixa temporal.

4. Os/as aspirantes serán excluídos da bolsa nos seguintes casos:

- a) Non achega da documentación requirida para efectuar o nomeamento.
- b) Non comparecer á toma de posesión dentro do prazo establecido.
- c) Non someterse ao recoñecemento médico ou obter a cualificación de «non apto».

A exclusión dun integrante da bolsa deberá ser notificada por escrito.

**DÉCIMO QUINTO.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase de que todos os datos persoais facilitados a través da instancia e demais documentación achegada, serán almacenados no ficheiro de Xestión de Persoal titularidade do Concello de Pantón, coa única finalidade de ser utilizados para tramitar o presente procedemento de selección.

Os aspirantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, en relación cos seus datos persoais, nos termos establecidos pola Axencia Española de Protección de Datos, dirixíndose ao Concello de Sober.

**DÉCIMO SEXTO.- INCIDENCIAS**

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante o proceso selectivo e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

**DÉCIMO SÉTIMO.- VINCULACIÓN DAS BASES**

As presentes bases vinculan ao concello, ao tribunal e a quen participe nas probas selectivas. Tanto as bases como cantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do tribunal poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos, prazos e forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,.

Contra estas bases poderá interpoñerse, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Alcalde deste concello, de conformidade cos artigos 112.1, 114.1.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, e 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitarse calquera outro recurso que considere pertinente.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA A COBERTURA INTERINA DUN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE SOBER****DATOS PERSOAIS:**

Nome:		Apelidos:		DNI/Tarxeta de residencia:	
Teléfono:		Medio de notificación: <input type="checkbox"/> Electrónica. <input type="checkbox"/> En papel.		Correo electrónico:	
Dirección a efectos de práctica de notificacións:				Provincia:	
				Código Postal:	

Tendo coñecemento do proceso selectivo convocado polo Concello de Sober para a cobertura interina dun posto de Auxiliar Administrativo/a:

SOLICITO ser admitido/a ao proceso selectivo de referencia.

**DECLARO:**

- Que coñezo, acepto e sométome na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Que reúno todos e cada un dos requisitos previstos na base sexta das bases que rexen a convocatoria.
- Que autorizo ao Concello de Sober para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no Boletín Oficial da Provincia ou no taboleiro de anuncios do concello e na súa sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**ACOMPAÑO:**

- Copia Auténtica do DNI ou doutro documento oficial que acredite a miña identidade.
- Copia Auténtica do documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 3 ou superior ou documento equivalente
- Orixinal ou Copia Auténtica do título académico.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018 e do Regulamento (UE) 2016/679, infórmase que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados polo centro xestor do proceso de selección e nomeamento para o que se formula a solicitude, coa finalidade de xestionar a participación no devandito proceso do candidato/a. Pode exercer os seus dereitos ante o responsable do tratamento correspondente ao centro xestor así como acceder a información adicional a través da seguinte ligazón (a indicar polo centro xestor, en canto responsable información complementaria sobre protección de datos). Ademais, serán obxecto de tratamento, para a súa verificación, os seus datos de identificación persoal, titulación, condición de demandante de emprego que consignase na instancia así como, no seu caso, a condición de discapacidade, de familia numerosa ou de vítima do terrorismo, se estas condicións foron acreditadas nalgunha comunidade autónoma que figure na dirección <http://administracion.gob.es/pag/pid>. Estes datos proceden das respectivas bases de datos en poder das Administracións Públicas, a través da Plataforma de Intermediación de Datos.

Ten dereito a opoñerse, de forma motivada, ao acceso a estes datos, para a verificación, por parte do órgano xestor.

Responsable:	Concello de Sober
Finalidade principal:	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación:	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
Dereitos:	De acceso, rectificación, supresión de datos, así como calquera outro que lle corresponda.

- SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SOBER.

**ANEXO II****TEMARIO**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Reforma. Os dereitos e deberes fundamentais. O Defensor do Pobo. O modelo económico da Constitución. O Tribunal de Contas. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Organización xudicial española.

Tema 3.- O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado. As Comunidades Autónomas: especial referencia a Estatutos de Autonomía. Administración Local. Administración Institucional.

Tema 4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido.

Tema 5.- Sometemento da Administración á Lei e ó Dereito. Fontes do Dereito Administrativo. A Constitución. A Lei. As disposicións normativas con forza de Lei. O regulamento. A costume. Os Principios Xerais do Dereito. A Xurisprudencia do Tribunal Supremo. Os Tratados Internacionais.

Tema 6.- A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o Administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 7.- O acto administrativo: Concepto e clases, elementos, eficacia e validez, notificación e publicación. O procedemento administrativo: concepto, principios, termos e prazos. Fases do procedemento. Especial referencia aos procedementos especiais.

Tema 8.- A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 9.- Procedemento administrativo local. Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicaci3ns e notificacións.

Tema 10.- Réxime local español: evolución histórica. Principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local. A Provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

Tema 11.- O Municipio. O termo municipal. A poboación e o empadramento. Competencias. Organización municipal.

Tema 12.- O Concello de Sober: Estrutura política e administrativa. Dependencias e servizos do Concello de Sober. Parroquias e núcleos de poboación.

Tema 13.- Funcionamento dos órganos colexiados locais, réxime de sesións e acordos. Actas, certificacións e notificación de acordos. As resolucións do Presidente da Corporación. Especial referencia á Lei reguladora da Administración Local de Galicia.

Tema 14.- Os bens das entidades locais. Bens de dominio público: concepto, clasificación, adquisición, utilización e aproveitamento e desfrute. Bens patrimoniais: concepto, clasificación, utilización e alienación.

Tema 15.- Os contratos administrativos na esfera local: obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do Sector Público: Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. A adxudicación dos contratos. A formalización dos contratos.

Tema 16.- Regulamentos e ordenanzas locais. Especial referencia ás ordenanzas do Concello de Sober.

Tema 17.- O persoal ao servizo dos Entes Locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Organización da Función Pública Local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes.

Tema 18.- As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas Fiscais. Estudo especial dos ingresos tributarios: impostos, taxas e contribucións especiais. Os prezos públicos.

Tema 19.- O Orzamento Xeral das Entidades Locais: concepto e contido. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do Orzamento Xeral. A prórroga orzamentaria.

Tema 20.- A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.

Tema 21.- A contabilidade das Entidades Locais: Documentos e libros contables.

Tema 22.- A atención ao público: acollida e información. A comunicación na Administración: concepto, importancia, elementos e tipos de comunicación.

Tema 23.- Concepto de documento, rexistro e arquivo. Funcións do rexistro e do arquivo. Clases de arquivo. Especial referencia ao arquivo de xestión.

Tema 24.- Análise documental: documentos oficiais. Formación do expediente. Documentos de apoio informativo. Criterios de ordenación de arquivo. O arquivo como fonte de información: servizos de arquivo.

Tema 25.- Ofimática e Internet. Aplicacións básicas de ofimática: tratamento de textos, folia de cálculo, base de datos e presentacións. LibreOffice Writer y Calc. Internet: conceptos básicos, navegación y uso del correo electrónico.

Tema 26.- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Título preliminar, Título I: capítulos I e II.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

Sober, 13 de maio de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1258

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION

#### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESION CELEBRADA O 24 DE ABRIL DE 2026, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARAN AS SUBVENCIONS, EN REXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PRESERVACION DAS RAZAS AUTOCOTONAS GALEGAS (BOVINAS, OVINAS E CAPRINAS) EN RISCO DE EROSION XENETICA, NAS EXPLOTACIONES DA PROVINCIA DE LUGO, PROGRAMA "MORENAS", ANUALIDADE 2026

BDNS (Identif.): 905114

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/905114>)

#### **Primeiro.- Beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias destas subvencions as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Que contén con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, nadas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).
- Que contén con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nados na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopan na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencions deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

#### **Segundo.- Obxecto**

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo.

#### **Terceiro.- Bases reguladoras**

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, programa “morenas”, anualidade 2026, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

#### **Cuarto.- Contía**

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, para as razas bovinas, e de 70 € por animal elixible, para as razas ovina e caprina; sendo o importe máximo das axudas por beneficiaria de 8.000 €.

No suposto de que unha solicitude inclúa animais de máis dunha especie (bovina, ovina e/ou caprina) o dito importe máximo calcularase tendo en conta, en primeiro lugar, os animais da especie bovina incluídos na solicitude. É dicir, se a axuda correspondente aos animais da especie bovina alcanzara o devandito importe de 8.000 €, non se concederá subvención para o/s animal/animais da/s especie/s ovina e/ou caprina. De xeito contrario, cando o importe da axuda correspondente aos animais da especie bovina non alcance os 8.000 €, consideraranse subvencionables, en primeiro lugar, os animais da especie ovina e, en último lugar, os da caprina.

O importe da subvención é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actuación subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións non serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

#### **Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes**

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións delas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 15 de maio de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de 14/01/2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1282